Indicador	Darémoslle continuidade á conta creada na rede social Instagram, de xeito que poidamos contribuír desde o centro a unha maior presenza do galego na rede e chegar ao alumnado polas canles que usa habitualmente A través da conta daranse a coñecer as actividades realizadas polo EDLG.		
Responsables	EDLG		
Recursos materiais	eMedios audiovisuais,; espazo adaptado para a recepción de alumnado; libros de lectura.		

Acción 11	Recuperación da revista O Lagartiño		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
Indicador	Recuperarase a revista do IES Illa de Arousa, O Lagartiño, procurando a implicación do alumnado e do profesorado na súa creación. Priorizarase o formato dixital, aínda que tamén se contempla editar algúns exemplares impresos.		
Responsables	EDLG, biblioteca, extraescolares		
Recursos materiais	eMedios audiovisuais, papelería, tinta de impresora, grampas.		

Acción 12	O taboleiro do galego: manteremos un espazo de comunicación no centro para divulgar entre o alumnado todas as actividades e concursos relacionados coa promoción da lingua galega que poidan ser do seu interese		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
Indicador	Creación do taboleiro.		
Responsables	EDLG		
Recursos materiais	e Cortiza, correo electrónico, papelería, cinta adhesiva, chinchetas.		

O EDLG acollerase ás propostas doutros departamentos ou de entidades alleas ao centro, como a Coordinadora de EDLG, que teñan como finalidade fomentar o uso e presenza do galego entre o alumnado.

Asemade, procuraremos o contacto activo co CEIP Torre-Illa e co Concello da Illa de Arousa, así como outras institucións locais (Concello, Confraría, comisión de festas...).

17. PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. CONCRECIÓN ANUAL

17.1. CONSTITUCIÓN DO DO

O departamento de Orientación leva a cabo unha importante labor no IES, destacando o asesoramento á comunidade educativa, o desenvolvemento de MAD en relación ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e a orientación académica e profesional do alumnado.

O Departamento de Orientación para o curso 2022/2023 **está composto por:**

XEFA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN	MURGA ABALO, M ^ª DEL PILAR
PROF. PED. TERAPÉUTICA	RILO RODRÍGUEZ, SANDRA
TITORA DO ÁMBITO SOCIO-LINGÜÍSTICO	MARTÍNEZ PORTAS, RITA M ^ª
TITORA DO ÁMBITO CIENTÍFICO-TÉCNICO	ÁLVAREZ COZAR, ULPIANO
XEFA DO DEP. DE ORIENTACIÓN DO CEIP TORRE ILLA	ALONSO BROULLÓN, BEATRIZ

Todos os membros do departamento de orientación farán unha *reunión con carácter mensual* co fin de coordinar as actuacións, ademais daquelas de carácter extraordinario que se consideren necesarias. No horario da xefa do departamento de orientación, a orientadora terá unha hora semanal de coordinación cos titores da E.S.O. por cada nivel educativo, e dúas horas semanais de coordinación para desenvolver o Plan de convivencia.

Trimestralmente, reuniranse os membros do DO que permanecen no centro e a xefa do departamento de orientación do CEIP Torre Illa, centro adscrito ao noso IES.

Respecto á coordinación externa, co fin de asegurar a coordinación entre o Departamento e as diferentes institucións do entorno, manteremos contactos periódicos

conforme vaian xurdindo necesidades ou conforme vaiamos desenvolvendo as actuacións programadas.

Ao remate do curso académico a xefatura do departamento de orientación, redactará unha memoria na que se recollerán as modificacións introducidas no proceso de desenvolvemento do Plan; a valoración do grao de consecución de obxectivos establecidos; a implicación e participación dos diferentes profesionais que colaboren nel e as conclusións e propostas concretas de mellora.

17.2. ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA E VALORACIÓN DAS NECESIDADES CON RELACIÓN AO TIPO DE ALUMNADO E Á OFERTA EDUCATIVA DO CENTRO.

O **Concello da Illa de Arousa** ten unhas características particulares dentro da comarca do Salnés. Aínda que é entidade municipal dende 1997, constituíu, dado o seu carácter insular, unha comunidade diferenciada dende sempre. Ate 1985 non dispoñía de ponte que o comunicase por vía terrestre ao “continente”, o que axudou a conformar un pobo illado do resto, cun concepto da identidade moi marcado.

A principal ocupación profesional da poboación é o mar, ben o marisqueo ben a produción bateeira. No campo laboral dáse unha clara disociación de roles xenéricos: os homes traballan nas bateas ou no marisqueo a flote e as mulleres traballan no marisqueo a pé, peor pagado e considerado actividade complementaria nas economías familiares. Esta situación ten o seu reflexo nas actitudes ante o estudo: hai máis desinterese e abandono entre os nenos, porque teñen unha saída laboral máis fácil. As actividades económicas derivadas do turismo de praia están a crecer nos últimos anos.

O **IES ILLA DE AROUSA** é un centro de ESO que leva funcionando dende 1999. Recibe o alumnado fundamentalmente dun único centro de Primaria, o **CEIP Torre-Illa**. A poboación escolar varía en función do alumnado que vai e ven (dependendo do seu éxito escolar) a un centro concertado de carácter relixioso situado en Cambados. Todo o alumnado reside na Illa de Arousa, que ten 7 kms². Isto quere dicir que calquera persoa pode trasladarse ao instituto camiñando. Aínda así, como hai tres barrios situados a máis de 2 kms do centro, cóntase con servizo de transporte escolar.

Quizais determinado polo histórico illamento, apréciase un déficit de habilidades sociais e de relación, que fai ás veces difícil a convivencia. A maioría dos conflitos no centro, veñen marcados por un concepto das relacións sociais baseadas na agresividade á hora de comunicarse. Contrastando o anterior, e debido tamén a ese illamento secular, existe un alto grao de solidariedade entre a poboación, que reacciona unida ante calquera problema comunitario.

O centro **oferta a etapa da ESO**, co seguinte alumnado escolarizado no curso 2022-2023

CURSOS	TOTAL	Grupo A	Grupo B
1º ESO	46	23	23
2º ESO	42	21	21
3º ESO	43	22	16+5 (PDC)
4º ESO	48	25	23
TOTAL	179		

ASPECTOS QUE INFLÚEN NA DIVERSIDADE E DETERMINAN AS NECESIDADES DO ALUMNADO:

Aspectos Socioeconómicos

- Ambiente cultural pouco favorable ao estudo.
- Expectativas mínimas de estudo.
- Condicións socio- económicas inadecuadas para o estudo (lugar, material, conexión a internet etc.).
- Falta de hábito de traballo, constancia e seguimento no fogar.

Aspectos Psicopedagóxicos

- Alumnado que promociona á ESO con materias sen superar ou con promoción obrigada.
- Alumnado con risco de abandono escolar temperán, motivado a abandonar os estudos e incorporarse ó mundo laboral, especialmente ao sector pesqueiro.
- Alumnado con ánimo de rematar a ESO pero con escasos hábitos e técnicas de traballo intelectual adquiridos.

- Alumnado con dificultades nas capacidades básicas, comprensión , expresión, razoamento, memoria, que inflúen directamente no desenvolvemento das competencias clave do currículo.
- Alumnado que segue o ritmo da clase sen ningunha dificultade e presenta un bo desenvolvemento das distintas capacidades.
- Alumnado que admite maior profundización nos contidos e presenta unha boa predisposición de cara ao académico.

Aspectos Emocionais e Actitudinais

- Alumnado con dificultades no eido emocional que afectan ao seu desenvolvemento integral: ansiedade, baixo autoconcepto e autoestima ...
- Alumnado que pode seguir o ritmo da clase pero presenta problemas motivacionais/actitudinais: actitude pasiva, disruptiva ou retardadora, desmotivada, inqueda, distraída, con falta de atención e concentración na aula...
- Alumnado desmotivado que sabe que ten unha saída profesional asegurada (o mar) polo que non lle preocupa acadar unha titulación.
- Alumnado con situacións persoais/familiares complicadas que lle afectan ao estudo.

Aspectos relacionados coa Saúde

- Alumnado con diferentes casuísticas sanitarias que inflúen no seo desenvolvemento académico e persoal.

Aspectos relacionados coa Convivencia

- Interaccións entre o alumnado ás veces non asertivas, o que non favorece un adecuado clima de convivencia e aprendizaxe.

CLASIFICACIÓN DE ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO (ACNEAE):

A ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes

da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece que:

De conformidade co artigo 71.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, enténdese por alumnado con necesidade específica de apoio educativo as alumnas e os alumnos que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por retraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atopárense en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por térense incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

17.3. PROPOSTA DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO CONTANDO COS RECURSOS EXISTENTES NO CENTRO

O Plan de Atención á Diversidade parte dos seguintes principios:

1. Ofrecer as mesmas posibilidades de formación básica común, dando resposta ás necesidades educativas especiais do alumnado.
2. Adoptar un plantexamento curricular aberto e flexible na elaboración e concreción das Programacións e Unidades Didácticas de aula.
3. Asegurar a coherencia, progresión e continuidade da intervención educativa.
4. Facilitar o proceso de socialización e autonomía do alumnado.
5. Fomentar actitudes de respecto ás diferenzas individuais.

Ademais, tendo en conta os Obxectivos xerais do Centro para a Educación Secundaria Obrigatoria, o centro acorda adoptar os seguintes Principios Metodolóxicos Xerais, para a posta en práctica de todas as medidas de Atención á Diversidade aquí detalladas:

1. Partir dos coñecementos previos do alumnado.
2. Posibilitar que o alumnado desenvolva aprendizaxes significativos por si mesmo.
3. Facilitar una intensa actividade intelectual por parte do alumnado.

4. Organizar os espazos e os recursos de tal forma que propicien a co-participación do alumnado nos procesos de ensino-aprendizaxe.
5. Utilizar estratexias e recursos variados e motivadores.
6. Desenvolver estratexias de grupo e individualizadas.
7. Impulsar as relacións entre iguais creando un clima de cooperación.
8. Facilitar a incorporación progresiva dos aprendizaxes á vida cotiá.
9. Favorecer a participación do alumnado na avaliación.
10. Proporcionar continuamente información ao alumnado sobre o momento do proceso de aprendizaxe no que se atopa.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Neste curso académico 2022/2023 contamos coas seguintes medidas de atención a diversidade para dar resposta as necesidades específicas de apoio educativo que presenta o noso alumnado.

Do PXAD destacamos as seguintes:

- Desdoblamento de grupos.
- Apoio do profesorado con disponibilidad horaria.
- Apoio da PT e do profesorado PROA
- Exención da segunda lingua estranxeira co programa de reforzo nas áreas Instrumentais básicas en primeiro e segundo da ESO.
- Adaptación Curricular Individualizada.
- Programas de enriquecemento curricular.
- Programas de habilidades sociais.
- Plan de atención o alumnado con pendentes e/ou repetidor.
- Plan de Reforzo Educativo: adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación
- PDC
- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.

- Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.

PROGRAMA DE REFORZO E DESDOBRES

O presente curso escolar establecemos os seguintes programas de reforzos e desdobres

1º de ESO: Dúas liñas. Contamos co Programa de Reforzo nas materias de Lingua Galega e Literatura e Matemáticas. Temos desdobres en 4 materias: LLC, XeoHis, BioXeo e TecnoDix.

	ALUMNADO	PROGRAMA DE REFORZO (Ex 2ª L Ex)
1ºA	23	3
1ºB	23	3
TOTAL	46	6

2º de ESO: Dúas liñas. Contamos co Programa de Reforzo nas materias de Lingua Galega e Literatura e Matemáticas.

	ALUMNADO	PROGRAMA DE REFORZO (Ex 2ª L Ex)
2ºA	21	4
2ºB	21	2
TOTAL	42	6

3º de ESO: Dúas liñas. Establecemos un grupo PDC.

	ALUMNADO
3ºA	22
3ºB	16+5 (PDC)
3º PDC	5
TOTAL	43

4º de ESO: Dúas liñas. Desdobres nas seguintes materias: LLC, LLG, Ing e XeoHis

	ALUMNADO
4ºA	25
4º B	23
TOTAL	48

OUTRAS MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE POR CURSOS

1º ESO

- Exención da segunda lingua estranxeira e programa de reforzo nas áreas instrumentais básicas, concretamente Matemáticas e Linguas.
- Desdobres en 4 materias: LLC, XeoHis, BioXeo, TecnoDix
- Reforzo da profesora especialista en Pedagogía Terapéutica.
- Reforzo específico por parte dos profesores/as das distintas materias.
- Reforzo do profesorado PROA.
- Posta en marcha do Protocolo de intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas da aprendizaxe.

2º ESO

- Exención da segunda lingua estranxeira e programa de reforzo nas áreas instrumentais básicas, concretamente Matemáticas e Linguas.
- Reforzo da profesora especialista en Pedagogía Terapéutica.
- Reforzo específico por parte dos profesores/as das distintas materias.
- Reforzo do profesorado PROA.
- Posta en marcha do Protocolo de TDAH e TEA para o alumnado deste curso.

3º ESO

- Reforzo específico por parte dos profesores/as das distintas materias.
- Reforzo do profesorado PROA.
- Posta en marcha dos Protocolos de TDAH, TEA e RS para o alumado deste curso.

4º ESO

- Reforzo específico por parte dos profesores/as das distintas materias.

- Reforzo do profesorado PROA.
- Posta en marcha do Protocolo de Dislexia, RS, TDAH e/ou outras dificultades específicas da aprendizaxe para o alumnado deste curso.

MEDIDAS PARA A MELLORA DA CONVIVENCIA

No referente á convivencia, este curso escolar traballaremos a xestión emocional nas titorías e impulsaremos a creación dun equipo de alumnado axudante nos cursos de 1º a 3º da ESO .

ADAPTACIÓNS CURRICULARES.

Durante o presente curso escolar, non temos ningún alumno/a con Adaptación Curricular Significativa.

PROCEDIMENTO DE ELABORACIÓN DAS ADAPTACIÓNS CURRICULARES

O procedemento para a elaboración e seguimento das adaptacións curriculares Individualizadas no centro e o seguinte. Elaboraremos unha ACS:

- Unha vez esgotadas as medidas de atención á diversidade ordinarias ou por resultar estas insuficientes.
- Cando exista desfase curricular significativo con respecto ao currículo de referencia que non se poida solventar aplicando medidas ordinarias.
- Con carácter xeral, antes de realizar unha adaptación curricular sería conveniente aplicar outras medidas de atención á diversidade menos extraordinarias.
- Pode decidirse a elaboración dunha adaptación curricular en varias áreas curriculares ou nunha soa área, en función das necesidades específicas do alumnado.

As **fases** para elaborar unha ACS serán cinco:

FASE I	FASE II	FASE III	FASE IV
AVALIACIÓN DIAGNÓSTICA	TOMA DE DECISIONS SOBRE A PERTINENCIA DA AC	PLANIFICACIÓN DO CURRÍCULUM ADAPTADO	DOCUMENTO DE ADAPTACIÓN CURRICULAR
-Recollida de datos (persoais, físicos e de saúde, psicosociais, do entorno escolar e sociofamiliar) -Avaliación do alumno/a	Reunión conxunta para decidir a pertinencia da AC e as áreas e elementos que se adaptarán para dar resposta educativa as necesidades do	Definición do curriculum do alumno: - que e cando ensinar - como ensinar - que, como e cando avaliar - recursos materiais e persoais	Redacción do Documento de AC, no que se recollerán os datos máis relevantes,, as áreas curriculares adaptadas, as estratexias metodolóxicas e os recursos a empregar, a planificación do seguimento da AC e os

Calendario de seguimento, avaliación e revisión da adaptación

TAREFA	TEMPORALIZACIÓN	RESPONSABLES
Avaliación inicial do alumnado con NEAE	Inicio do curso	Profesorado PT, Titor/a, profesorado da materia
Elaboración das adaptacións	Outubro-Novembro	Profesorado PT, Titor/a, profesorado da materia, asesorados polo DO
Revisión das adaptacións	Segundo o establecido na ACS	Profesorado PT, Titor/a, profesorado da materia
Adaptacións de materiais	Durante o curso	Profesorado PT e profesorado da materia
Participación nas sesións de avaliación do alumnado con NEAE	Trimestral	Equipo docente, PT, Orientador
Elaboración dos informes trimestrais para a familia do alumnado con NEAE	Trimestral	Titor/a e profesorado PT
Elaboración do informe final do alumnado con NEAE	Fin de curso	Titor/a e profesorado PT

Para a súa detección e actuación có alumnado NEAE realizamos os seguintes pasos:

- Os alumnos/as que presentan necesidades específicas de apoio educativo poderán recibir apoio ordinario mediante RE en distintas materias, no caso de que non sexa suficiente recibirán apoio individualizado ou en pequeno grupo na aula de apoio das NEAE sempre que dispoñan do informe psicopedagóxico pertinente.
- En caso de que esta medida non sexa suficiente, por que as NEAE seguen estando presentes se realizará un Informe Psicopedagóxico para poder levar a cabo unha Adaptación Curricular Significativa.
- A Adaptación Curricular Significativa dunha materia ten carácter excepcional e está dirixida ao alumnado que presente Necesidades Específicas de Apoio Educativo, cuxa competencia curricular este situada nunha etapa anterior ou nun nivel educativo correspondente a un desfase de un ciclo. Estes axustes afectan aos elementos prescriptivos do currículo e implican a adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación da materia adaptada. A avaliación das materias con ACS terá como referente os criterios de avaliación e os parámetros de ponderación establecidos na propia adaptación curricular.
- As Adaptacións serán levadas a cabo polo profesor/a de apoio as NEAE e os profesores/as da materia adaptada e estará coordinada a súa execución polo titor/a do alumno/a.

Estas Adaptacións afectan aos elementos prescriptivos do currículo e implican a adecuación dos obxectivos, contidos, parámetros de ponderación e criterios de avaliación da materia. A avaliación nestas adaptacións curriculares significativas ten como referente os parámetros de ponderación e criterios de avaliación establecidos no propio documento de Adaptación.

As Adaptacións Curriculares Significativas levarán para a súa elaboración e seguimento unha coordinación co Departamento de Orientación e a profesora especialista de apoio ás Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE).

Para dar resposta a este tipo de adaptacións os departamentos terán en conta as seguintes orientacións:

- Reforzo da autoestima e autoconceito, adecuado ao seu nivel madurativo, mostrar interese polo traballo que realice o alumno/a e reforzar todos os éxitos que vaia conseguindo, por mínimos que parezan..
- Controlar a conduta, reforzando positivamente a mesma, madura e responsable.
- Intentar que o alumno/a se adapte a situacións novas, distintas formas de traballo, en grupo, en parellas, só, etc... e intentar que con axuda poda realizar algunha actividade do currículo do grupo- clase.
- Fomentar un maior interese polos aprendizaxes académicos como medio de superación persoal.
- Incorporalos en actividades onde se desenvolvan as habilidades de tipo cooperativo, como forma de incrementar o seu desenvolvemento social.
- Procurar que vaian construíndo os seus coñecementos a través das propias experiencias e coa mediación do profesor e dos propios compañeiros.
- Utilizar situacións significativas e motivadoras, que nos leven a conseguir os obxectivos comúns do grupo, utilizando actividades de complexidade gradual, do máis sinxelo ao máis complexo, evitando en todo momento a aparición do cansazo e a desmotivación.
- Realizar tarefas concretas, curtas e con pautas, co fin de incrementar a capacidade de atención na realización dunha tarefa.
- Propoñer actividades con elevadas expectativas de éxito.
- Se relacionarán os novos aprendizaxes cos coñecementos previos do alumno, para elo faremos preguntas que os activen e se lle presentarán novos contidos.

17.4. CONCRECIÓN DO CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN QUE FIGURA NO ANEXO DO DOCUMENTO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E CALENDARIO DE REUNIÓN MENSUAIS DE SEGUIMENTO DE ALUMNADO

Datas	Tarefas	Responsables	Recursos
setembro	Elaborar a programación de Orientación, revisar os informes do alumnado, especialmente de 1º ESO e organizar o traballo da mestra de PT.	Departamento de Orientación	
setembro	Elaborar os programas de intervención das especialista de PT	Departamento de orientación	Información do departamento.

setembro	Xornada de acollida aos pais e nais dos alumnos/as de sexto de primaria do CEIP Torre Illa	XD Orientación Equipo Directivo Claustro	Información da nova etapa e presentación do novo centro
2ª semana de setembro	Elaboración de horarios do departamento	Xefatura de estudos XD orientación	Recursos do departamento
2ª-3ª semana de setembro	Contacto cos alumnos con NEAE e as súas familias Solicitude programas INCLUE, etc	XD Orientación	Informes de anos anteriores e de centros adscritos así como de centros de procedencia de novo alumnado
3ª e 4ª semana de setembro	Valoración das necesidades iniciais Preparación dos informes específicos das Becas de NEAE.	Xefatura de estudos XD Orientación Orientadora realiza os informes específicos das becas de NEAE.	Informes de anos anteriores e de centros adscritos así como de centros de procedencia de novo alumnado
4ª semana de setembro e inicios de outubro	Preparacións das avaliacións iniciais da ESO.	Xefatura de estudos (planifica e coordina) XD Orientación (asesora e apoia)	Recursos do departamento
1ª semana de outubro	Realización da concreción anual do PXAD. Concreción das sesións de Titoría.	XD Orientación e PT	Datos do alumnado Material específico para o desenvolvemento do PAT.
1ª semana de outubro	Realización da concreción anual do PAT	XD Orientación e Titores	Datos do alumnado Memorias do curso anterior, propostas de mellora.
1ª semana de outubro	Plans específicos para o alumnado repetidor e con materias pendentes.	Xefatura de estudos XD orientación (asesora e apoia)	
2ª semana de outubro	Avaliacións iniciais na ESO: Plans de reforzos.	Xefatura de estudos Titores/as (dirixen	Recursos do departamento Informes iniciais dos

	Medidas educativas específicas con determinados alumnos/as.	as reunións) XD orientación (asesora e apoia)	grupos dos distintos niveis da ESO
Mes de outubro	Reunións da CCP: Asesoramento curricular e pedagóxico. Apoio na implantación do equipo de alumnado axudante.	Xefatura de estudos (planifica e coordina) XD orientación (asesora e apoia) Xefes de Departamento	Programacións. Necesidades das memorias.
Mes de novembro	Elaboración das ACS se é o caso	XD Orientación, PT e profesores afectados	Recursos do departamento Informes psicopedagóxicos.
Mes de novembro	Reunións de coordinación pedagóxica	Xefatura de estudos (planifica e coordina) XD orientación (asesora e apoia) Xefes de Departamento	
Decembro	Participación nas sesións da 1ª avaliación Seguimento de os alumnos con programa específico como alumnado repetidor e con materias pendentes. Seguimentos das ACIS e outras MAD	XD Orientación e profesorado especialista: PT e AL Equipo directivo Equipos educativos	Informes obtidos na avaliación inicial. Programas específicos de alumando repetidor e con materias pendentes ACIS
Xaneiro	Elaboración de programas e actuacións xurdidas das reunións da 1ª avaliación e revisión das que xa están en marcha	XD Orientación	Informes obtidos na 1ª inicial
Marzo	Participación nas sesións da 2ª avaliación: Seguimento de os alumnos con programa específico como	XD Orientación e profesorado especialista: PT e AL	Informes obtidos ao longo do trimestre

	alumnado repetidor e con materias pendentes. Seguimentos das ACIS		
Marzo-Abril	Asesoría vocacional do alumnado de 3º e 4º ESO.	XD Orientación e titores	Recursos do departamento
Maio	Xornada de acollida e benvida ao alumnado de sexto de primaria.	XD Orientación Equipo Directivo Claustro	Recursos do departamento
4ª semana de maio	Entrega aos titores de materiais necesarios para cumprimentar o Consello orientador e outros informes (para FPB, PDC, RE)	XD Orientación	Recursos do departamento
Xuño	Participación nas sesións da terceira avaliación. - Toma de decisións de alumnado candidato a incorporarse a unha FP básica. - Toma de decisións de alumnado candidato a incorporarse a PDC	XD Orientación e equipo docente	Informes obtidos ao longo do curso
Finais Xuño	Asistencia ás sesións de avaliación final: Asesoramento das opcións A promoción do alumnado con ACI.	XD orientación e profesorado especialista: PT Equipos educativos Representación do Equipo Directivo.	Recursos do departamento. Informes específicos para FPB. Desenvolvemento de PMAR se é o caso Informes psicopedagóxicos.
Xuño	Preparación de informes de alumnado con NEAE que abandona o centro, etc.	XD Orientación e profesorado especialista: PT	Informes obtidos ao longo do curso
Xuño	Informe individual final de medidas de apoio educativo	Especialista PT	Información recollida ao longo do curso

Xuño	Elaboración da memoria do departamento	XD Orientación	Información recollida ao longo do curso
Xuño	Elaboración Memoria Contratos Programa (Inclúe) e PFPP	XD Orientación	Información recollida ao longo do curso
Xuño	Elaboración de listaxe de alumnos propostos para medidas de atención de atención á diversidade para o vindeiro curso	XD Orientación e profesorado especialista: PT e AL	Informes obtidos ao longo do curso
Todo o curso	Atender ás demandas do profesorado e do alumnado e das familias	Calquera membro do departamento segundo demandas	Recursos do departamento
Todo o curso	Asesoramento e apoio na CCP aos diferentes departamentos na programación e desenvolvemento de tarefas	XD Orientación e PT	Recursos do departamento
Todo o curso	Colaborar na planificación, desenvolvemento, seguimento e avaliación dos plans e programas levados a cabo no centro	XD orientación en colaboración cos outros membros da comunidade educativa implicados	Recursos do departamento
Todo o curso	Desenvolvemento do Plan de convivencia coa reunión trimestral da Comisión de convivencia e as sesión de coordinación semanal da subcomisión de convivencia	Coordinadora de Convivencia Xefatura de estudos Orientadora Comisión de convivencia	Recursos da comisión de convivencia
Todo o curso	Reunións mensuais do D.O. Coordinación co centro adscrito e reunións trimestrais do DO Realización das actas correspondentes	Membros do DO XD (Actas)	Recursos do DO

17.5 PROFESORADO RESPONSABLE DO ALUMNADO CON NEAE

O alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) asistirán a aula de apoio atendendo aos seguintes criterios:

- O apoio do profesorado de PT levaranse a cabo normalmente dentro da aula ordinaria, co resto do alumnado do grupo e só poderá sacarse fora en casos excepcionais que estean debidamente xustificadas.

Se intentará acadar o máximo beneficio do alumno/a procurando igualar o número de horas de atención por parte do profesor/a especialista, ao que se recomenda no seu informe psicopedagóxico. De ser o caso, procurarase establecer grupos de apoio con características similares entre si en canto ao nivel curricular, evitando a creación de grupos superiores a seis alumnos/as. O profesorado de apoio ás NEAE prestará a súa atención educativa ao alumnado co seguinte orden de prioridade:

- Escolares que presentan necesidades educativas derivadas de discapacidade, trastornos xeneralizados do desenvolvemento ou trastornos graves de conduta con **adaptación curricular significativa**.
- Alumnado que manifeste necesidades específicas de apoio educativo con informe psicopedagóxico.
- Alumnado con necesidade específica de apoio educativo que reciben RE en diferentes materias e/ou exención da 2ª lingua estranxeira e non sexa suficiente cas medidas anteriores.

Respecto ao alumnado que leve Adaptación Curricular Individualizada, nas sesións de avaliación realizarase una revisión da mesma entre o profesorado implicado na súa materia, a profesora de PT e a orientadora.

Dentro das funcións da profesora especialista en Pedagogía terapéutica de apoio as NEAE destacamos as seguintes:

- Participar na avaliación inicial do alumnado que acceda a ESO e, cando cumpra, naquelas sesións de avaliación que afecten ao alumnado con NEAE.
- Colaborar, xunto coa orientadora e o titor/a, na organización de atención do alumnado con NEAE.
- Impartir atención docente directa ao alumnado con NEAE.
- Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares individualizadas significativas.
- Colaborar na avaliación e na determinación da metodoloxía a seguir co alumnado con NEAE.
- Participar, de ser necesario, co titor/a nas reunións coas familias do alumnado con NEAE.

A orientadora levará a cabo as seguintes tarefas:

- Participar na avaliación Psicopedagóxica daquel alumnado que o precise, así como realizar o informe psicopedagóxico.
- Elaborar o corresponde ditame de escolarización para aqueles casos onde se requira unha modalidade diferente e/ou recursos extraordinarios.
- Establecer a proposta de organización de atención ao alumnado con NEAE en coordinación coa PT e elevar esa proposta ao equipo Directivo.
- Asesorar ao Equipo Directivo sobre as medidas de atención a Diversidade.
- Elaborar e poñer en práctica programas destinados á prevención e detección precoz de dificultades de aprendizaxe.
- Asesorar aos departamentos didácticos e ao profesorado en xeral nos procesos de axuste e desenvolvemento das medidas de atención á diversidade.

17. 6 LISTAXE DE ALUMNADO CON NEAE ATENDIDO POR PT, AL, ATE

CURSO	ALUMNADO	NEAE	TIPO DE INTERVENCION PT/ Prof PROA (PT)
1º ESO	8	Dificultades de Aprendizaxe	Na aula ordinaria
	1	Dislexia	
	1	TDAH	
	1	TEA	
	1	Outras NEAE	

CURSO	ALUMNADO	NEAE	TIPO DE INTERVENCION PT/ Prof PROA (PT)
2º ESO	6	Dificultades de Aprendizaxe	Na aula ordinaria
	1	Dislexia	
	1	TDAH	
	1	TEA	
	2	Outras NEAE	

CURSO	ALUMNADO	NEAE	TIPO DE INTERVENCION Prof PROA (PT/ CC)
3º ESO	3	Dificultades de Aprendizaxe	Na aula ordinaria
	0	Dislexia	
	4	TDAH	
	1	TEA	
	4	Outras NEAE	

CURSO	ALUMNADO	NEAE	TIPO DE INTERVENCION Prof PROA (PT/ CC)
4º ESO	7	Dificultades de Aprendizaxe	Na aula ordinaria
	2	Dislexia	
	1	TDAH	
	0	TEA	
	3	Outras NEAE	

18. CONCRECIÓN PLAN DE CONVIVENCIA

- Constitución do equipo.

Nome Coordinador/a	Nivel/Especialidade
Juan Rivas Fernández	EPVA
Nome equipo dinamización de convivencia	Nivel/Especialidade
Mª del Pilar Murga Abalo	Orientación
Ulpiano Álvarez Cozar	Xefatura

- Concreción anual dos obxectivos marcados no mesmo e actuacións que se van desenvolver ao longo do curso.

Obxectivo: Reducir a conflictividade e mellorar a convivencia do centro			
Acción 1	Difusión dos dereitos e deberes do alumnado e das normas de convivencia.		
	Temporalización		
	1º T x	2º T x	3º T x
Indicador	Charla informativa ao principio de curso		
Responsables	Profesorado titor e orientadora		
Recursos e materiais	Páxina web do IES		
Acción 2	Intervención da subcomisión de convivencia		

	Temporalización		
	1º T x	2º T x	3º T x
Indicador	Realización de reunións semanais da subcomisión		
Responsables	Membros da subcomisión de convivencia		
Recursos e materiais	Aula de convivencia		
Acción 3	Acollida ao profesorado de nova incorporación ao centro		
	Temporalización		
	1º T x	2º T x	3º T x
Indicador	Reunión coa xefatura de estudos e do departamento		
Responsables	Equipo directivo e orientadora		
Recursos e materiais	Plans e proxectos de centro		
Acción 4	Realización de asembleas de clase sobre a convivencia e marcha do grupo		
	Temporalización		
	1º T x	2º T x	3º T x
Indicador	Asambleas trimestrais nas titorías		
Responsables	Orientación, Xefatura de Estudos e titores		
Recursos e materiais	Aula propia do grupo.		
Acción 5	Formación dos equipos de Alumnado Axudante		
	Temporalización		
	1º T x	2º T x	3º T x
Indicador	Realización de dinámicas de formación		
Responsables	Membros da subcomisión de convivencia e titores		
Recursos e materiais	Formadora externa e materiais para as diversas dinámicas.		
Obxectivo: Potenciar a intelixencia emocional do alumnado			
Acción 1	Programa de Habilidades Sociais		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
Indicador	Realizar charlas/dinámicas anuais		
Responsables	Orientación, Xefatura de Estudos, titores e profesionais invitados		
Recursos e materiais	Formadora externa e materiais para diferentes dinámicas		
Acción 2	Sensibilización sobre igualdade e prevención da Violencia de Xénero		
	Temporalización		
	1º T x	2º T x	3º T x
Indicador	Realizar charlas/dinámicas anuais		
Responsables	Orientación, Xefatura de Estudos, titores e profesionais invitados		
Recursos e materiais	Cruz vermella		

Obxectivo: : Evitar o absentismo escolar			
Acción 1	Acollida do novo alumnado		
	Temporalización		
	1º T x	2º T	3º T
Indicador	Ter a lo menos un alumnado axudante en cada aula		
Responsables	Equipo directivo, departamento de Orientación e profesor/a titor/a.		
Recursos e materiais	Alumnado		
Acción 2	Sensibilización cara a non discriminación e na Ed. Afectivo-sexual		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
Indicador	Realizar charlas/dinámicas anuais		
Responsables	Orientación, Xefatura de Estudos, titores e profesionais invitados		
Recursos e materiais	Formadores externos e materiais para as diferentes dinámicas		
Acción 3	Proxecto prevención drogodependencias		
	Temporalización		
	1º T	2º T x	3º T x
Indicador	Realizar charlas/dinámicas anuais		
Responsables	Orientación, Xefatura de Estudos, titores e profesionais invitados		
Recursos e materiais	Formadores externos e materiais para as diferentes dinámicas		

19. CONCRECIÓN PLAN DE IGUALDADE

A aspiración da igualdade entre ambos os sexos atópase reflectida na lexislación vixente. A Constitución de 1978 prohibe expresamente calquera tipo de discriminación por razón de sexo e establece a obrigaón dos poderes públicos de promover as condicións para que a igualdade das persoas sexa real e efectiva.

Na nosa Comunidade, o Estatuto de Autonomía para Galicia establece a obrigaón da Administración de promover a efectiva igualdade do home e a muller, promovendo a plena incorporación desta na vida social e superando calquera discriminación laboral, cultural, económica ou política.

Na realidade e na nosa contorna continúan vixentes estereotipos que fomentan a desigualdade entre mozos e mozas. Por iso, é necesario que o profesorado detecte esas desigualdades e interveña invitando ao alumnado á reflexión e proporcionando novos modelos.

Obxectivos coeducativos que se abordan no plan de Igualdade do IES:

- Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes
- Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero

- Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual
- Prevención, detección e intervención en casos de LGBTifobia

Para acadar estes obxectivos, o presente curso escolar desenvolveranse actividades e dinámicas fundamentalmente a través do desenvolvemento do PAT, como actividades integradas na titoría presencial e fomentando a transversalidade das actuacións.

Como recursos contaremos coa axuda de persoal especialista para o tratamento das diversas temáticas.

20. PLURILINGÜISMO

Non é un centro plurilingüe

21. PLAN PROXECTA

- Concreción do/s programa/s no/s que se participa.

Non temos solicitado ningún programa so plan proxecta.

22. CONTRATOS-PROGRAMA: CPI INCLÚE, CPI INNOVA, PLAN RECUPERA

LIÑA 4. CON-VIVE			
Descrición do programa	Desenvolveranse medidas que favorezan o clima escolar e as relacións entre os membros da comunidade educativa, actuacións preventivas de condutas violentas ou discriminatorias, actuacións de acollida nos centros educativos, a conciliación ou mediación escolar, a xestión de conflitos, e outras accións similares.		
Obxectivos	<ol style="list-style-type: none"> 1. Identificar as incidencias relacionadas coa convivencia no seo da comunidade educativa. 2. Promover un axeitado clima de aula e de centro, considerando as relacións globais entre o profesorado, o alumnado e entre os dous colectivos. 3. Mellorar a competencia social e cívica (CSC). 4. Impulsar a participación colaborativa das familias e doutras institucións e entidades na mellora da convivencia escolar. 5. Promover medidas que fomenten a convivencia positiva. 		
Cursos implicados	1º, 2º, 3º e 4º ESO		
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Responsables	Departamento de Orientación		
Actividades			

	<p>Obradoiros</p> <p>Dinámicas nas titorias</p> <p>Xornadas telemáticas ou presenciais, se é posible, con expertos sobre as emocións e a importancia dunha boa saúde mental</p>
--	---

LIÑA 6. EDUEMOCIONA			
Descrición do programa	Desenvolveranse accións para a mellora da competencia socioemocional de toda a comunidade educativa que redunde no benestar emocional persoal-social e na súa calidade de vida, así como para o desenvolvemento de estratexias que favorezan o aumento da autoestima e a empatía, a mellora das habilidades comunicativas, o incremento do autocontrol emocional, a superación, a identificación das emocións dos demais e o coñecemento das propias.		
Obxectivos	<ol style="list-style-type: none"> 1. Adquirir e desenvolver competencias emocionais (conciencia emocional, autonomía emocional, regulación das emocións propias e alleas...), tanto no profesorado como no alumnado, entendidas como competencias básicas para a vida. 2. Avanzar cara unha educación emocional concebida como un eixe transversal. 3. Potenciar o deseño e implementación de programas de intervención para a adquisición e desenvolvemento de competencias emocionais. 4. Implicar o profesorado na formación da educación emocional. 5. Mellorar o rendemento académico do alumnado a través da contribución das habilidades emocionais. 		
Cursos implicados	1º, 2º, 3º e 4º ESO		
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Responsables	Departamento de Orientación		
Actividades	<p>Obradoiros</p> <p>Dinámicas nas titorias</p> <p>Xornadas telemáticas ou presenciais, se é posible, con expertos sobre as emocións e a importancia dunha boa saúde mental</p>		

PLAN RECUPERA

Liña de actuación: PROA+			
Descrición do programa	Programa de reforzo para alumnado máis vulnerable		
Obxectivos	1. Apoiar o alumnado vulnerable para a mellora do seu rendemento académico e desenvolvemento do éxito educativo. 2. Lograr que unha porcentaxe elevada ou todo o alumnado de 4º ESO acade o Título de graduado en ESO. 3. Reducir as barreiras de aprendizaxe que dificultan alcanzar e superar os obxectivos e competencias da ESO. 4. Facilitar a atención educativa dos colectivos máis vulnerables para favorecer a súa formación e previr o risco de fracaso e abandono escolar.		
Cursos implicados	1º ESO, 2º ESO, 3º ESO e 4º ESO		
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Alumnado que mellora os seu rendemento académico e resultados		
Responsables	Profesorado PROA, departamento de orientación e Equipo Directivo		
Actividades	Actividades de reforzo e repaso que permita unha maior adquisición de contidos.		

23. OUTROS PLANS E PROXECTOS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO

Plan/Proxecto: PLAMBE			
Descrición do programa	Programa de mellora de bibliotecas escolares		
Obxectivos	Fomento da lectura e mellorar a competencia lectora		
Cursos implicados	Todos		
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Lecturas realizadas e participación en actividades propostas		
Responsables	Equipo de biblioteca		
Actividades	As diferentes actividades organizadas dende o equipo de biblioteca		

24. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

24.1. Protocolo para a solicitude.

Para o uso das instalacións do centro será necesario presentar unha solicitude por escrito cun prazo suficiente no que se poida comprobar a dispoñibilidade das instalacións. Existe xa un acordo de colaboración este centro e o Concello da Illa de Arousa para o uso das instalacións deportivas.

Instalación:	Pavillón	
Entidade que a usa	Colectivos coordinados polo Concello da Illa de Arousa	
Participan membros da co-	Alumnos	Pais

munidade educativa		
Horario de uso	Luns, mércores e venres: 16:00 a 21:30h. Martes: 19:30 a 22:30h. Xoves: 16:00 a 22:30h. Sábados: 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00h. Hai que engadir o tempo extra para a limpeza.	

25. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

- **Establecemento de medidas dunha avaliación do funcionamento do centro: resultados académicos, práctica docente, relacións coa comunidade educativa.**

A través da posta en común nas Comisións de Coordinación Pedagóxica poderanse avaliar aspectos como a práctica docente ou as relacións coa comunidade educativa.

Os resultados académicos avaliaranse nos claustros inmediatamente posteriores ás correspondentes avaliacións. Será tamén nas xuntanzas de todo o profesorado ou nas CCP onde se poderán expor propostas de mellora para optimizar o funcionamento do centro.

O consello escolar será o órgano que poderá realizar achegas nese senso e máis a ANPA. Coas familias a comunicación será a través das titorías dun xeito máis individualizado, coa entrega dos boletíns de notas trimestral e o consello orientador ao rematar o curso.

Na páxina web e na aula virtual do centro comunicaráselles toda a información de interese público relacionada co discurrir do curso académico. Tamén se empregará o abalar móbil, para as familias que o teñan, ou o servizo de sms do centro.

Nas programacións didácticas veñen reflectidos os modelos para a avaliación trimestral do departamento e da práctica docente e, unha para a avaliación final de xuño.